




39 CUESTIONES PARA SER DOCENTE NA PÚBLICA



Secretaría de Xuventude da Federación de Ensino de CCOO (FECCOO), en colaboración coa Secretaría de Pública non Universitaria.
Realización, Gabinete de Comunicación da FECCOO e da FECCOO de Galicia.

© 2018

Desde a Secretaría de Xuventude da Federación de Ensino realizamos esta guía coas preguntas máis repetidas por mozos e mozas que se presentaron ás oposicións docentes ou que participaron nalgún concurso para formaren parte de listaxes de interinidades. Pensamos que pode axudarche a coñecer como é o sistema de acceso ou ingreso á docencia nos centros públicos dos niveis educativos previos á universidade.

Nos próximos anos abrirose unha grande oferta de emprego público, grazas ao Acordo pola Mellora do Emprego Público asinado por CCOO e outras organizacións sindicais co Goberno, que prevé reducir a porcentaxe de interinos ao máximo do 8 %. Porén, en Galicia o acordo concrétese nunha redución do 5%. Por iso é máis importante se cabe que teñas toda a información práctica para opositares.

CCOO, como sindicato de clase, presta especial atención ao acceso da xuventude a un emprego estable e de calidade. Para a nosa organización é fundamental que poidas aclarar todas as dúbidas que che xurdan as primeiras veces que te examinas ou concursas para traballar na Administración educativa pública. Este material é unha guía orientativa, pero non recolle a información ao completo, polo que tal vez non queden resoltas todas a túas dúbidas. Animámoste a que te poñas en contacto coa sede de CCOO da túa zona, alí informante de todo o que necesites.

Durante o 2017, o Ministerio fixo unha proposta de modificación do actual RD 276/2007 de acceso á función pública docente, normativa que establece o marco xeral en todo o Estado.

Este documento elaborouse tomando como base o RD 276/2007 e as propostas de modificación presentadas, polo que pode estar suxeito a modificacións.

É importante, entón, que leas o real decreto e as convocatorias das comunidades autónomas, pois adaptan ese decreto á súa realidade.

Debes ter moi en conta que os requisitos de titulación non teñen por que ser os mesmos para as oposicións e para as convocatorias de interinidades. Como norma xeral, nas oposicións requírense determinados niveis de titulación, e para as interinidades, ademais, titulacións concretas. En calquera caso hai que cumprir o que estableza a convocatoria.

Esperamos que este material che resulte útil e lembrámoste que podes acudir a CCOO sempre que o necesites.

	PÁX
1 Como se accede á función pública docente? En que normativa se regula?	7
2 Quen convoca as oposicións?	7
3 Que é un concurso-oposición?	7
4 Que é a fase de oposición?	8
5 De que probas consta a fase de oposición?	8
6 Entre cantos temas poderei elixir?	9
7 Que é a fase de concurso?	9
8 Que é o baremo?	9
9 Que fago se non estou de acordo co baremo?	10
10 É o mesmo o baremo para o concurso de oposición e para o réxime de interinidade?	10
11 Que apartados puntúan?	10
12 Cantos cursos de formación se necesitan para chegar á puntuación máxima?	11
13 Onde podo facer cursos homologados para as oposicións?	11
14 Valen os cursos en liña?	11
15 Podo presentarme en máis dunha comunidade á vez?	11
16 Podo estar en máis dunha bolsa de interinos?	11
17 Que necesito para presentarme en comunidades autónomas con lingua cooficial?	12
18 Que requisitos me esixen para ser docente?	12
19 A miña titulación é válida para acceder a un posto de interinidade para a especialidade á que me presento?	13

20 Cando debo cumprir estes requisitos?	13
21 Onde e cando recollo e entrego a solicitude de participación no proceso?	13
22 Que documentos debo achegar?	14
23 Canto conta a miña experiencia en centros públicos?	14
24 Puntúa a miña experiencia en centros privados e concertados? Canto? Que teño que presentar?	14
25 Que é a encerrona?	14
26 De canto tempo dispoño para cada parte do exame?	15
27 Quen forma o tribunal?	15
28 Que potestade ten o tribunal?	15
29 Podo facer algo se non estou de acordo coa miña nota?	16
30 Cada canto tempo se convocan oposicións?	16
31 Que é unha unidade didáctica?	16
32 Que diferenza hai entre ser funcionario/a de carreira e funcionario/a interino/a?	16
33 Como podo optar a unha praza de interinidade?	17
34 Que diferenza hai entre unha vacante e unha substitución?	17
35 Como podo informarme dos decretos de interinidades?	17
36 Como se organizan as listaxes?	18
37 A quen podo dirixirme se teño algún problema?	18
38 Que podo facer para defender os meus dereitos?	18
39 Como contacto con CCOO?	19

Secretaría de Xuventude da Federación de Ensino de CCOO (FECCOO), en colaboración coa Secretaría de Pública non Universitaria. Realización, Gabinete de Comunicación da FECCOO e da FECCOO de Galicia.

© 2018

A educación é a arma máis
poderosa que podes usar para
cambiar o mundo

Nelson Mandela

1. Como se accede á función pública docente? En que normativa se regula?

O **Real decreto (RD) 276/2007**, do 23 de febreiro, recolle o regulamento de ingreso nos corpos docentes. Esta normativa, dispoñible no Boletín Oficial del Estado, establece que o sistema de acceso á función pública docente se realiza mediante un concurso-oposición.

Ademais, cada comunidade autónoma regula o acceso nas distintas convocatorias partindo do RD 276/2007, polo que é importante revisalas para coñecer os requisitos específicos de cada territorio.

Non obstante, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (MECD) presentou unha proposta de modificación do actual RD, o RD 84/2018. Inclúe un artigo único denominado Modificación do Regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. Engade unha disposición transitoria terceira ao regulamento, que achega grandes cambios, xa recollidos sobre a que redactamos o documento «39 cuestións para ser docente».

2. Quen convoca as oposicións?

O Ministerio de Educación, Cultura e Ciencia publica no Boletín Oficial del Estado (BOE) as convocatorias de Ceuta e Melilla e cada comunidade realiza a súa propia convocatoria, coas súas bases que publica nos seus respectivos boletíns ou diarios oficiais. Estas convocatorias están suxeitas ás disposicións marcadas no RD 276/2007. En Galicia aparece no [Diario Oficial de Galicia \(DOG\)](#).

3. Que é un concurso-oposición?

É un procedemento selectivo para acceder á función pública docente. Consta de dúas fases, unha de concurso (méritos) e outra de oposición (coñecementos), e ambas puntúan. Cada unha delas ten unha porcentaxe que pode variar. Podes consultar esta información no teu local de **CCOO** máis próximo.

4. Que é a fase de oposición?

É o conxunto de probas, escritas e orais, ao que ten que se enfrontar quen oposita. Require unha puntuación mínima para superala. A fase de oposición contará un 60% na nota final.

5. De que probas consta a fase de oposición?

A fase de oposición consta de dúas probas eliminatorias; cada unha delas ten, pola súa vez, dúas partes:

- **Primeira proba:** permite comprobar que se posúen os coñecementos específicos da especialidade á que se opta. Consta de dous tramos: o primeiro é unha proba práctica para comprobar a formación científica e o dominio de habilidades técnicas correspondentes á especialidade e o segundo é o desenvolvemento por escrito dun tema elixido pola persoa aspirante dos extraídos ao chou polo tribunal entre os do temario de cada especialidade. A convocatoria pode establecer que a candidata lea o tema. Para superar esta proba, cómpre ter unha puntuación mínima, igual ou superior a 5 puntos.
- **Segunda proba:** trata de comprobar a aptitude pedagóxica da persoa aspirante e o seu dominio das técnicas necesarias para o exercicio docente. Consiste na presentación dunha programación didáctica anual e na preparación e exposición oral dunha unidade didáctica. Nas especialidades que requiran habilidades instrumentais ou técnicas, hai unha proba de carácter práctico-instrumental. A ponderación de cada unha das partes varía segundo cada comunidade autónoma. A proba considérase superada se se obtén polo menos un 5 (sobre un máximo de 10) no conxunto global.

As cualificacións das probas exprésanse en números de 0 a 10. Cómpre obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos en cada proba para pasar á seguinte e, no caso da última proba, para poder acceder á valoración da fase de concurso.



6. Entre cantos temas poderei elixir?

Para a primeira parte o tribunal extraerá ao chou os temas para que a persoa candidata escolla un que debe desenvolver. Aplícanse os seguintes criterios:

- Especialidades cun número non superior a **25** temas: poderá elixir entre **3** temas.
- En especialidades cun número superior a **25** temas e ata **50**, deberá elixir entre **4** temas.
- En especialidades cun número superior a **50** temas, deberá elixir entre **5** temas.

7. Que é a fase de concurso?

Trátase da valoración, na forma que establezan as convocatorias de cada comunidade autónoma, dos méritos das persoas aspirantes. Entre outros, figuran a formación académica (nota media do expediente académico, mestrado, formación en idiomas, cursos...) e a experiencia docente previa.

Non se require alcanzar ningunha puntuación mínima, aínda que si existe unha puntuación máxima que son 10 puntos, isto é lo que se chama «baremo».

A fase de concurso contará un 40 % da nota final.

8. Que é o baremo?

É a valoración dos distintos méritos acreditados que se aplicará a quen supere a fase de oposición. Establécense nas distintas convocatorias, polo que pode variar.

Os baremos son públicos, polo que podes enzalos nas páxinas oficiais de cada comunidade.

9. Que fago se non estou de acordo coa baremación?

Dependendo da autonomía, pode ser a Administración ou o propio tribunal quen cualifica os méritos e presenta un baremo provisional, tras o que se abre un prazo de reclamacións. Despois, publícase o baremo definitivo coas correccións pertinentes. En Galicia veñen realizando esta función os Tribunais.

Contra este, só cabe un recurso de alzada. Se o necesitas, podes acudir ao sindicato para que te orienten e che digan como facelo.

10. É o mesmo o baremo para o concurso de oposición e para o réxime de interinidade?

Non. Na súa convocatoria para o concurso de oposición ou ás veces noutra, cada comunidade explica o baremo que se aplica se pasas á lista de persoal interino. En Galicia as listas de interinidade elabóranse coas persoas que presentándose ao concurso-oposición non a aprobaron e ordénanse en función da nota da fase de oposición, sen ter en conta os puntos do baremo.

11. Que apartados puntúan?

As convocatorias para a fase de concurso estrutúranse en tres bloques, cuxa puntuación pode variar dependendo do ano de oposición e a comunidade autónoma, pero sen superar estes máximos:

- A. **Experiencia previa**: máximo 7 puntos.
- B. **Formación académica**: máximo 5 puntos.
- C. **Outros méritos**: máximo 2 puntos.

A puntuación máxima que se pode alcanzar coa valoración de méritos é de 10 puntos. Polo tanto, para obter a puntuación máxima, non é necesario ter o máximo de puntos en todos os apartados.

12. Cantos cursos de formación se necesitan para chegar á puntuación máxima?

Cada comunidade fíxao na súa convocatoria; consúltao no teu local de CCOO máis próximo.

13. Onde podo facer cursos homologados para as oposicións?

En CCOO ofértanse cursos homologados dentro dos plans de formación para o profesorado. Tamén podes facelos nas administracións educativas, universidades, etc. Consulta en CCOO como podes formarte adecuadamente e se existen incompatibilidades á hora de realizares os cursos.

14. Valen os cursos en liña?

Si, sempre e cando estean homologados e cumpran co establecido nas ordes que regulan a formación. En Galicia debe cumprir co disposto na orde de formación (Orde do 14 de maio de 2013), que imposibilita compatibilizar varios cursos en liña coincidentes en data.

15. Podo presentarme en máis dunha comunidade á vez?

Si, sempre e cando cumpras os requisitos de cada convocatoria e as datas de exame non coincidan. De non conseguires praza, poderías formar parte das bolsas de persoal interino da túa especialidade.

16. Podo estar en máis dunha bolsa de interinos?

Si. Cada comunidade regula as súas listaxes, que podes consultar de maneira telemática ou, se non, nos taboleiros públicos das diferentes consellerías de Educación.

Ademais, lembra que formar parte desa bolsa non significa que vaías traballar decontado, senón que terás que esperar a que chegue a túa vez.



17. Que preciso para presentarme en comunidades autónomas con lingua cooficial?


Ademais dos restantes requisitos, se así se pide terás que acreditar o coñecemento da lingua cooficial da comunidade autónoma convocadora de acordo coa súa normativa, xa sexa mediante acreditación documental ou a través da superación dunha proba previa que se regula na propia convocatoria. No caso de Galicia esíxese o CELGA 4, nivel que xa teñen recoñecido aquelas persoas que cursaran galego no Bacharelato na nosa comunidade.

18. Que requisitos se esixen para ser docente?

Ademais das condicións xerais que se establecen, quen aspire a participar nos procedementos selectivos debe reunir os seguintes requisitos específicos:

- **Corpo de mestres/as:** título de mestre/a ou título de grao correspondente
- **Corpo de profesores/as de ensino secundario:** título de doutor/a, licenciada/o, enxeñeiro/a, arquitecta/o ou título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes para os efectos de docencia.
- **Corpo de profesores/as técnicos/as de formación profesional, mestres/as de Taller de Artes Plásticas e Deseño:** título de diplomado/a universitario/a, arquitecta/o técnica/o, enxeñeiro/a técnico/a, título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes para os efectos de docencia.
- **Corpo de catedráticos/as de Música e Artes Escénicas, profesoras/es de Música e de Artes Escénicas, profesores/as de Artes Plásticas e Deseño, profesoras/es de escolas oficiais de idiomas:** título de doutor/a, licenciada/o, enxeñeiro/a, arquitecta/o, título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes para os efectos de docencia.

Exceptuando o corpo de mestres/as, o resto de aspirantes deben posuír o **Mestrado de Capacitación Pedagóxica**. Ademais, pode haber outros requisitos específicos dependendo de cada convocatoria. Pregunta en [CCOO](#).



19. A miña titulación é válida para acceder a un posto de interinidade para a especialidade á que me presento?

O requisito xeral para acceder á docencia é posuír unha das titulacións que aparecen no punto **18**. Se aprobas unha determinada especialidade, enténdese que podes exercela aínda que non sexa a túa. Cuestión diferente é que esa titulación, se non aprobaches todo o proceso, sirva para exercer en réxime de interinidade. Por este motivo, nas convocatorias territoriais anéxanse os requisitos específicos de titulación para poder desenvolver funcións de interinidade no caso de que non aprobes.


Este apartado non resulta de aplicación para o corpo de mestres/as.

20. Cando debo cumprir estes requisitos?

Todas as condicións e requisitos deberán reunirse na data en que finalicen os prazos de presentación de solicitude de participación no proceso de concurso-oposición que marque a convocatoria, e manterse ata a toma de posesión como persoal funcionario de carreira.

21. Onde e cando recollo e entrego a solicitude de participación no proceso?

Na convocatoria aparecerá o prazo de presentación do modelo de solicitude e o órgano, dependencia ou rexistro público ao que debes dirixirte. Pódese requirir tamén a súa presentación telemática.



22. Que documentos debo xuntar?

Os que se indiquen na convocatoria á que te vas presentar.

23. Canto conta a miña experiencia en centros públicos?

En centros públicos, por cada ano de experiencia docente en especialidades do corpo ao que opta, a persoa aspirante obterá 0,70 puntos.

E por cada ano de experiencia docente en especialidades de distintos corpos ao que opta, a persoa aspirante terá 0,35 puntos.

24. Puntúa a miña experiencia en centros privados e concertados? Canto? Que teño que presentar?

Si. Por cada ano de experiencia docente en especialidades do mesmo nivel educativo ca o impartido polo corpo ao que opta, a persoa aspirante terá 0,15 puntos.

E por cada ano de experiencia docente en especialidades de distinto nivel educativo ca o impartido polo corpo ao que opta, a persoa aspirante obterá 0,10 puntos.

25. Que é a “encerrona”?

É a parte do exercicio en que preparas para expoñer verbalmente a programación e a unidade didáctica. Durante aproximadamente unha hora estarás illado nunha sala, onde podes consultar o material que queiras para preparar a túa exposición perante o tribunal.

É recomendable consultar as bases da convocatoria e ver se se poden utilizar dispositivos electrónicos ou non; o mesmo con internet.

26. De canto tempo dispoño para cada parte do exame?

O tempo de duración de cada parte da oposición fíxase nas convocatorias de cada comunidade, polo que pode sufrir variacións. Normalmente axústase aos seguintes tempos aproximados:

- 2 horas para a proba práctica
- 2 horas para o desenvolvemento do tema

Os tribunais están formados por funcionarios/as de carreira en activo, en número impar de membros, non inferior a cinco, e co mesmo número de suplentes, como mínimo.

A maioría de membros debe ser titular da especialidade obxecto do proceso selectivo e ha tenderse á paridade entre profesoras e profesores. En Galicia é a Consellaría quen nomea ao Presidente/a e o resto de membros son escollidos nun sorteo público entre persoal funcionario.

27. Quen forma o tribunal?

Os tribunais están formados por funcionarios/as de carreira en activo, en número impar non inferior a 5. A maioría dos seus membros adoita ser titular da especialidade obxecto do proceso selectivo e garantírase a paridade entre profesores e profesoras.

28. Que potestade ten o tribunal?

Os tribunais son os únicos órganos competentes para a cualificación técnica da proba. É dicir, non cabe a revisión da nota que pon o tribunal por parte da Administración nin de ningún outro tribunal de oposicións ou de xustiza.

No referente á valoración dos méritos, ao procedemento no seu sentido máis amplo e demais cuestións dos concursos-oposicións, as actuacións dos tribunais si poden ser recorridas e revisadas polas administracións e os tribunais de xustiza.

29. Podo facer algo se non estou de acordo coa miña nota?

Podes interpoñer unha solicitude de recurso ou reclamación ante o propio tribunal, aínda que existe un prazo limitado para facelo e depende de cada convocatoria.

30. Cada canto tempo se convocan oposicións?

O RD 276/2007 non marca un tempo mínimo nin máximo entre unha convocatoria e outra.

En función de cada territorio, convócanse cada dous anos ou anualmente, segundo o que establezan as comunidades autónomas, mais Galicia vén convocando todos os corpos anualmente.


31. Que é unha unidade didáctica? E a programación didáctica?

A unidade didáctica é o elemento que organiza a práctica docente establecendo os elementos do currículo: contidos, obxectivos, competencias, estándares de aprendizaxe, criterios de avaliación, metodoloxía...

A programación didáctica anual recolle as unidades didácticas programadas para ser traballadas nun curso escolar.

32. Que diferenza hai entre ser funcionario/a de carreira e funcionario/a interino/a?

O funcionario de carreira, como recolle o Estatuto básico do empregado público, é aquel que está vinculado a unha Administración pública para o desempeño de servizos profesionais retribuídos de carácter permanente. É dicir, aprobou a oposición e, ademais, conseguiu praza.



No caso dun funcionario en interinidade, é quen traballa coas mesmas funcións que os docentes funcionarios pero en réxime temporal, cubrindo prazas vacantes ou realizando substitucións transitorias da persoa titular da praza, o que pode implicar cambios de posto de traballo frecuentes e, en función dos acordos acadados en cada comunidade, que non se teña dereito a cobrar o verán, os trienios e/ou os sexenios.

33. Como podo optar a unha praza de interinidade?

Entras a formar parte das listas de substitucións e interinidades se participaches nun concurso-oposición e non obtiveches praza, ou ben a través de convocatorias abertas que adoitan publicarse cando ás administracións se lles esgotan as listas anteriores ou requiren cubrir postos vacantes ou substitucións con perfís especiais.

Dada a complexidade da lista de persoal interino e as diferenzas entre comunidades, para calquera dúbida, acode ao teu local de CCOO máis próximo.

34. Que diferenza hai entre unha interinidade e unha substitución?

Unha interinidade é un posto que se cobre para todo o curso académico ou para o que falte ata o seu remate. Pola contra, unha substitución é un posto de menor duración, que normalmente cobre baixas laborais ou permisos de duración determinada.

35. Como podo informarme das normas que regulan de interinidades?

Cada comunidade autónoma dispón dunha páxina web oficial para consultar os distintos sistemas de interinidade. O marco galego que regula as condicións de traballo do persoal interino é o [Acordo de Interinos](#), asinado en 1995 pola Consellaría, CCOO e algúns sindicatos ao que se introduciron cambios posteriores. Podes consultalo buscando a RESOLUCIÓN do 28 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade ao texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellaría que imparte ensinanzas distintas das universitarias.

36. Como se organizan as listaxes?

A realidade é moi diversa en todo o Estado español, polo que che suxerimos que consultes en CCOO da comunidade onde te queres presentar.

37. A quen podo dirixirme se teño algún problema?

Podes visitar a [páxina web da Federación de Ensino de CCOO](#) ou os locais da túa cidade onde che darán todas as respostas ás túas dúbidas. Tamén podes afiliarte ao sindicato CCOO e beneficiarte dun servizo de información-formación-orientación para persoas que queren dedicarse ao ensino. Tes todos os contactos ao final do documento.

38. Que podo facer para defender os meus dereitos?

Podes afiliarte a un sindicato de clase como CCOO, implicado na defensa de todos os traballadores e traballadoras indistintamente de onde desenvolven a súa actividade. Así disporás de información de primeira man sobre os teus dereitos e como preservalos, ademais de todo un sistema de formación e orientación laboral para xente moza.

CCOO organízase en federacións e territorios en función da actividade que desempeña cada traballador e traballadora. Todas aquelas persoas que traballan ou queren traballar no ámbito do ensino teñen como referente a Federación de Ensino de cada territorio, onde se atende a todo o colectivo de profesionais que desenvolven as súas funcións na escola pública, na privada e na universidade, así como a todos os colectivos que están incorporados neses sectores: funcionariado docente e non docente, persoal de administración e servizos, ocio educativo, atención a menores, intervención socioeducativa, autoescolas e academias, entre outros.



A función dun sindicato como CCOO é preservar os dereitos dos traballadores e traballadoras nas mellores condicións posibles, garantindo un emprego estable, con dereitos e en igualdade de condicións para todas as persoas: mulleres, homes, persoas con discapacidade, inmigrantes. Atendemos e garantimos a inserción no mercado laboral, evitando calquera discriminación por motivo de xénero, orientación sexual e identidade de xénero, discapacidade e lugar de procedencia.

39. Como contactar con CCOO?

Tes os contactos ao final deste documento. Podes recorrer a nós sempre que o precises, pois como sindicato estamos comprometidos coas persoas traballadoras



Podes coas opos!
CCOO axúdache

GALICIA

Responsable de Xuventude | **Daniel García**



 danielgarcia@galicia.ccoo.es

A CORUÑA

Avda. Alfonso Molina, km 2, 3º - 15008 Teléfono: 981145895 scensino.coru@galicia.ccoo.es

FERROL

Rúa María, 42/44, 3º - 15402 Teléfono: 986 36 93 36 scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

SANTIAGO

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 8, 1º andar - 15707
Teléfono: 981 55 18 26
scensino.stgo@galicia.ccoo.es

LUGO

Ronda da Muralla, 58, baixo - 27002 Teléfono: 982 22 10 60 scensino.lugo@galicia.ccoo.es

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería, 1- 2º - 36002
Teléfono: 986 86 62 76
scensino.pont@galicia.ccoo.es

VIGO

Rúa das Teixugueiras, 11, entrechán - 36212
Teléfono: 986 24 68 47
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

OURENSE

Parque San Lázaro, 1, 3º - 32003 Teléfono: 988 39 22 56 scgalicia.oure@galicia.ccoo.es

